



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Ordenación  
e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela

*ACTA do sorteo a que se refire o artigo 34 da Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.*

Na sala Sala A da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo San Caetano, en Santiago de Compostela, sendo as doce horas do día 2 de marzo de 2009, baixo a presidencia do titular da Subdirección Xeral de Centros, D. Carlos Encisa de Sá e coa presenza de D. Antonio Castro Castro, D. Antón Porteiro Lago, de público e de D. Néstor Valcárcel Teijeiro, que actúa como secretario, ten lugar o sorteo ao que alude o artigo 34.3 da Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG. nº 55, do 19 de marzo de 2007), que establece a data do día 1 de marzo ou, de non ser lectivo, como é o caso, o día lectivo inmediatamente seguinte, ás doce horas, como a do sorteo público previsto na devandita disposición.

Baixo a referida presidencia realízase efectivamente o sorteo extraíndose en primeiro lugar a letra "Q" e en segundo lugar a letra "R"; polo que, conforme ao seu resultado, as dúas letras de prioridade do primeiro e segundo apelido aos efectos de resolución do desempate da puntuación final na orde de admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos correspondente ao ano 2009, serán as letras "Q" e "R". O resultado proclámase pola presidencia ante os presentes ao sorteo.

Sen máis actuacións que realizar, a presidencia levanta a sesión ás doce e cinco minutos.

E de todo iso, eu como secretario levanto a presente acta e acredito todo o seu contido, co Visto e Prace da presidencia da sesión.

Vº e Prace,  


Asdo.: Carlos Encisa de Sá.

O Secretario,  


Asdo.: Néstor Valcárcel Teijeiro.